



BASES DO CONCURSO
XXXIII Concurso de Música Tradicional Xacarandaina

Pandeireteiras e Pandeireteiros

Centro Cultural Ágora, A Coruña
26 de maio de 2024

1. Neste concurso poden participar grupos de Asociacións Folclóricas, Recreativas, Culturais, de Veciños, Centros Parroquiais etc.
2. Os grupos da A.C. Xacarandaina participarán no concurso a modo de exhibición, non concursarán.
3. O concurso distribúese en catro categorías:
 - Categoría A: ata 10 anos.
 - Categoría B: de máis de 10 anos a 14 anos.
 - Categoría C: de máis de 14 anos a 18 anos.
 - Categoría D: de máis de 18 anos en adiante.

A categoría determinarase pola media das idades dos compoñentes, tendo en conta que ningún deles debe superar o límite da categoría en máis de dous anos.

4. É obrigatorio o uso do traxe tradicional galego en todas as categorías.
5. A peza a interpretar deberá ser tradicional ou popular. No caso de que a A. C. Xacarandaina tivera que pagar á S.G.A.E. pola interpretación dunha peza de autor, remitiríamolo ao grupo correspondente.
6. No momento da cualificación, o xurado terá en conta:
 - Autenticidade e dificultade da peza.
 - Afinación e interpretación.
 - Expresividade na interpretación.

O XURADO TERÁ A LIBERDADE DE ESIXIR O D.N.I. OU LIBRO DE FAMILIA E NON PODERÁN QUEDAR PREMIOS DESERTOS EN NINGUNHA DAS CATEGORÍAS.

7. Cada grupo terá un tempo límite de 5 minutos para realizar a súa interpretación. O grupo que exceda dito tempo quedará descalificado.

8. Os premios serán os seguintes:

- 1º premio: trofeo e 300 €
- 2º premio: trofeo e 150 €
- 3º premio: trofeo e 75€

Ademais haberá agasallos para todos os grupos premiados doados polos nosos patrocinadores.

Se o número de grupos participantes nunha categoría é inferior a cinco, outorgarase un único premio. (Trofeo e 300 €)

9. O concurso terá lugar o domingo 26 de maio de 2024 no Centro Cultural Ágora da Coruña, sito na rúa Ágora s/n - 15010. Está previsto que o concurso se desenvolva ao longo de todo o día, mañá e tarde, incluída a entrega de premios correspondente. Debido a que é imposible superar a participación de 75 grupos, chegado a este número non se aceptarán máis solicitudes. Polo tanto, seguirase de forma estrita a orde de inscrición.

A hora de presentación, orde e normas dos grupos participantes serán enviadas previo o concurso vía correo electrónico.

10. O PRAZO DE INSCRICIÓN REMATA O DÍA 12 DE MAIO.

11. As inscricións poden realizarse a través da nosa páxina web www.xacarandaina.gal ou enviando debidamente cumprimentada a folla de inscrición adxunta por:

- Correo ordinario ao local social: A.C. Xacarandaina, Rúa Historiador Vedía nº3, soto 1º, 15004 A Coruña.
- Correo electrónico: info@xacarandaina.com

EXCLÚESE A VÍA TELEFÓNICA PARA REALIZAR AS INSCRICIÓN E NON SE ADMITIRÁ NINGUNHA INSCRICIÓN POSTERIOR A ESTA DATA.

Co fin de obter un arquivo gráfico, a organización realizará fotografías e vídeos do concurso. Estes documentos gráficos serán incluídos nun ficheiro debidamente rexistrado na Axencia Española de Protección de Datos do que é titular a ASOCIACIÓN CULTURAL XACARANDAINA e poderán ser utilizados pola Asociación para mostrar tanto no local social como na web www.xacarandaina.gal, así como para a elaboración de carteis e publicidade dos eventos ou actividades que se realice a Asociación.

A A.C. Xacarandaina aclarará calquera dúbida a través do teléfono 981 277 315 ou por correo electrónico <mailto:info@xacarandaina.com>.